


negación da água

M.^a Pilar J. Aleixandre



PEPE GALOVART

«Nengunha linguaxe é inocente»
Mário Benedetti

Serei quen de te convencer? Porque se ti entendes que o limón é verde da cor dos campos, verde como a água do mar, non aceptarás que para outro sexa marelo como o ouro, como o sangue; e cando les nas entrañas da noite amigos, lume, non concebes que para alguén as mesmas agullas do relóxo digan insónia, digan arrefecer.

Pero o meu desasosiego ven de que pronunciache "mal tempo", e esas duas palabras, como besouros renitentes, flanqueian os meus pasos desde entón. Desde que eu perguntei —no supostamente aséptico contexto dunha clase de xeoloxía— "Como é que se meteoriza o granito da catedral de Santiago?" e ti, atreu, como corresponde a quen aínda non fixo quince anos, respondeche "Poque en Galiza vai mau tempo".

Mau tempo, díxeches. Non chuvia, lentura, chuisqueiro —que podían conotar mau—. Non tépido, estável, morno; que podían conotar bo. Non describeche, non comparache. Para ti a calificación estaba clara: o tempo, mau.

Poida que si. Mau tempo, este no que un homiño que acouga na doce beira-mar de Vigo —case tropical que diría Reixa— toma parámetros alleios para medir os pulsos ao seu entorno. Mau tempo o tempo en que se nega o propio, sexa língua ou água, seixo ou arxila, indecisión esquiva ou teima imutável.

E ficache alí, mirándome satisfeito, debruzada a inocencia aos teus ollos, demostrando ás claras, ti que nada sabes de Eco, que emitiras un signo non internacional, que non era a tua idea ferir cando disparache.

A min, que renego do chovinismo, se me atarabellavan na língua atricos inúteis, de que este era o mellor tempo, de que neste país —metido no seu casulo como a larva— estaba o mellor país posíbel, de que a água da chuvia levara dentro a erva, os pésegos dourados, o leite e o mel. Pero cando ia abrir a boca mirei pola xanela da clase o brillo cambiante do mar e decateime de que te convencerías ti só ou non te convencerías mais.

Direi-che logo que virá outro tempo (e dou grácias á língua de non permitir a escolla weather/time, Wetter/Zeit). Outro tempo no que un meteorólogo toleirón, que non falará desde unha pantalla cuadrada (full square), senón da pulida superficie dos testos anunciará espléndidas chúvias para toda Galiza, bardantes da ría de Ortigueira, onde, un día mais, serán azoutados pola seca. Pero non desesperedes, meus queridos espectadores, proseguirá o meteorólogo, afastando un pouco as follías do ficus que lle batían no nariz, que o anticiclón dos Açores está para retirar-se ao Sul, o tempo vai-se meter en água, e daquela teremos chuvia para todos: un perfecto bo tempo.